



ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA ELECCIÓN: 25 DE OUTUBRO DE 2019

Estimados asociados:

Seguindo a disposición dos estatutos e do Regulamento do Réxime Electoral do noso Club, convócase:

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA ELECCIÓN

Que se celebrará o día 25 de outubro ás 20:00 horas en primeira convocatoria e 20:30 en segunda, no local social da nosa entidade sito en Avda. das Camelias, Nº 78 oficina K en Vigo, coa seguinte ORDE DO DÍA:
1º ELECCIÓN Á PRESIDENCIA DO CLUB

- Aprobación das datas do calendario do proceso electoral
- Nomeamento da xunta electoral

O Calendario Electoral aprobado estará exposto no taboleiro de anuncios do local social e na páxina 7 do boletín.

No caso dunha soa candidatura interrómpeuse o proceso electoral o día 25 de novembro procedendo á proclamación da candidatura como elixida.

LOTERÍA DE NADAL

Xa podedes mercar a Lotería de Nadal na Secretaría do Club.

Cada participación son 5€. O número que agardamos que nos dea unha alegría é o:

Sorteo Nadal
Lotería Nacional
O portador xoga CINCO euros no número
67588
Para o sorteo do 22 de decembro de 2019
O depositario.

Prezo
5€

Club Montañeiros Celtas
Avda Camelias, 78 ofc K
36211 Vigo

info@celtas.net
www.celtas.gal
@clubmontaneirosceland
@mceltas
Tfno: 986438505

Figurado encargado e sacador de ABAJACA depositado en Vigo, Ande, Galicia Baró, I-31
No suposto de que obeerle premio suxeito a impostos, esta participación verá redución o mesmo na parte proporcional correspondente ao seu valor nominal.
PRESCREBE AOS TRES MESES.

Seccións

Montaña.....	2
Sendeirismo	4
Cultural e M Ambiente.....	4
Bici de Montaña.....	5
Federacións.....	6
Actividades Sociais.....	6
Calendario de actividades.....	7

Vindeiras actividades

- Magosto Social
- Ribeira Sacra
- Ancares
- Pequemarcha Cíes
- Bici de Montaña
- Xeoparque Courel

Lei de Protección de Datos: Como ben sabedes entrou en funcionamento unha nova normativa de protección de datos que obriga ás entidades que teñan datos de carácter persoal dos usuarios ou clientes solicitar o consentimento expreso para facer uso deses datos. Montañeiros Celtas conta cunha base de datos na que se recollen os datos que subministrastes na ficha de socio, así como un libro de socios. Datos que empregamos para realizar comunicacións de actividades e de cuestións do funcionamento da asociación. Polo que necesitamos que nos fagades chegar por escrito, ben por email ou presencialmente nas nosas oficinas, o voso consentimento de uso de Datos.

MONTAÑA

Azores (Terceira, Pico e San Miguel) 6-16 de Agosto

AZORES: BRAVURA NO MEDIO DO MAR OCÉANO



Tres cousas chaman a atención ao chegar ás Azores: natureza brava con vexetación exuberante, humidade e auga do mar temperada e o xénero no nome: mentres nós dicimos as Azores, eles din os Azores: As illas Azores- As illas dos Azores.

Nove illas , varios illotes e algúns volcáns submarinos compoñen o arquipélago das Azores. A de máis antiga formación é a de Santa María hai uns 8,12 millóns de anos e a máis nova é a illa de Pico entre os 0,73 e 0,25 millóns de anos. Este feito puidemos constatalo observando como a vexetación e os impresionantes lagos cubrían os cráteres dos volcáns de máis antiga formación, mentres que o volcán de Pico, moito máis recente, ofrecíanos un espectáculo ben distinto, coladas de lava petrificada e fumarolas xurdindo de entre as pedras do seu cumio nos indicaban que todo era recente e vivo. Montañeiros Celtas viaxou este verán as Azores para coñecer un escenario volcánico, ben distinto ao acostumbrado.



Visitamos 3 illas: Terceira, Pico e San Miguel. Este feito marcou o carácter desta viaxe, o cambio de escenario cada tres días resultou ser novidoso, divertido e moi interesante.

TERCEIRA: FRENTE O MAR

A hospedaxe en primeira liña de mar amosounos un Océano Atlántico aberto e cambiante que era escudriñado a todas horas en busca das figuras das outras illas do arquipélago que non sempre foron fáciles de ver, ou como consultorio sobre que tempo que íamos ter ese día, que se amosou como o mar, inestable, aínda que en ningún momento nos impediu realizar as rutas previstas.

A illa de Terceira foi introducíndonos no que sería, por 10 días, un mundo de vexetación exuberante e diversa de tal modo que por veces parecería que estivésemos en Asturias e outras nunha paraxe subtropical.

Adentrámonos nesta de marabilla atlántica a través das rutas de "Cadeira de Guilherme Moniz-Hermida da Lampiña" a caldeira de maior tamaño do arquipélago e que se corresponde co volcán Moriao e "Rocha do Chambre e Misterios negros", rutas máxicas con bosques encantados que so serían un anticipo do que nos esperaba.

Visitamos tamén en Biscoitos os ancestrais viñedos formados por pequenas parcelas separadas por muros de pedra volcánica que teñen como misión protexer as cepas antigas dun exquisito viño que puidemos degustar no museo do viño e seguimos a gozar de deliciosos baños nas piscinas naturais e apracibles ceas.

Pero non sempre todo é camiñar, así que, nada máis reconfortante e exótico despois do esforzo, que un estimulante baño mariño protexidos polos muros das piscinas naturais ou seminaturais que Terceira nos ofreceu ou o éxito que nesta illa tiveron os pequenos restaurantes de San Mateus ubicados directamente no porto no que descargaban o peixe e que diariamente pasaba, ante os nosos ollos, cara as súas cociñas.



de

MONTAÑA

Azores (Terceira, Pico e San Miguel) 6-16 de Agosto

PICO: O VOLCÁN

Para o esquecemento queda a travesía en barco que nos levou de Terceira a Pico (6 horas, con paradas nas illas de Graciosa e San Xorxe), para o esquecemento digo, xa que a experiencia de subir a este volcán (maior cumio de Portugal, 2351msnm) e pernoctar na súa caldeira eclipsa o mal rato vivido no mar. A ascensión ao Pico foi, sen dúbida, dura, pero unha vez alcanzada a caldeira do volcán un sabe que está nun lugar especial, único e pola miña parte parecido a nada. Durmir alí arriba, (uns, outros subiron ao día seguinte) no silencio, amparados por paredes de lava de forma perfectamente redonda, ao pé dun “Piquinho” iluminado intensamente por unha gran lúa crecente, forma xa parte desa lista de recordos extraordinarios que cada verán enriquecen as nosas vidas montañeiras.

Ao mesmo tempo e a pesar dunha intensa chuvia e grosa néboa, outro grupo de socios dirixíase cara aos “Camiño das lagoas” (abandonamos pola chuvia, néboa e o asfalto) e “Os misterios do sur do pico” solazo, viñas e baños ao día seguinte).



SAN MIGUEL: OS LAGOS

Para ir de Pico a San Miguel utilizamos un pequeno avión. No aeroporto de Ponta Delgada colleunos un autobús que nos levaría a última Casa da Xuventude, moi céntrica e con moi boas instalacións.

Ponta Delgada é a capital de San Miguel e comparte a capitalidade das Azores con Horta e Angra do Heroísmo. En calquera caso resultou ser unha pequena cidade fermosa e chea de vida.

En San Miguel realizamos algunhas das rutas máis espectaculares das Azores, tanto pola grandeza dos cráteres, como pola súa exuberante beleza. A primeira, a de “Sete Cidades”, un corredor entre as hortensias que en todo momento nos permitiu gozar de dúas enormes lagoas, unha verde e outra azul, no medio dunha caldeira descomunal, a outra, a de “Ribeira Cha-Lagoa do Fogo-Auga d’Alto” que nos deixou sen palabras, unha vez máis por fermosa e de abraiante dimensións.

Camiñamos, tamén polas plantacións de té por un bonito sendeiro e visitamos despois a fábrica de transformación desta planta emparentada cos camelios, mentres esperábase polos compañeiros que atacaban ao “Pico Vara”.

Por último tivo lugar unha entrañable cea de despedida onde non faltaron a gaita, as cantigas e os pracenteiros viños de Oporto.

Esta viaxe intensa rematou, queda para outra moito por andar nestas belísimas Azores. Foi unha convivencia cómplice, bonita, agradable, sempre de boa conversa en camiños e sobremesas. Melu L.



SENDEIROS

Río Xabriña 14 de Xullo

Despois dun par de intentos, por fin conseguimos organizar unha saída á **Ruta do Xabriña** o domingo 14 de xullo, guiados pola experta e veterana man de Carme Orge, coa colaboración de Manolo Sendín. Así que o autobús (con susto por avaría incluído, como xa ven sendo habitual), puxo rumbo á parroquia covelense de A Lamosa, no alto val do Xabriña e dándolle cara a Montouto e aos Altos da Canda. A Lamosa, o mesmo que Prado da Canda, conta cunha rica arquitectura rural de casas, petos de ánimas, camiños empedrados e, sobre todo, un abondoso patrimonio cereiro. Por aí comezamos, despois do café de rigor no Cuartel (bar que se localiza nun antigo cartel da Garda Civil).

A visita ás ruínas do antigo lagar da cera, situado nunha encrucillada de camiños e a carón dunha estraña e psicodélica cruz baixo unha especie de baldaquino, foi a primeira. Logo seguimos pola eira ou "coradoiro" da cera das Brasileiras, unha das máis fermosas de todas as que se conservan para deixar as casas e por unha corredeira "das de antes" baixar ao río a carón do muiño e ponte das Ovellas. Dende alí, río abaixo chegamos á *ponte Folón*, lugar de encontro e paso entre Paraños, A Lamosa e Prado da Canda. Dende alí, a Prado polo *camiño Real* con treitos empedrados, chegando ata o punto máis alto da Ruta, o *miradoiro dos Cotos da Bouza*, de amplos horizontes, dende o Suído ao Coto de Eira, Galleiro, Aloia,...

De Prado, por camiños fóra da Ruta marcada, volvemos ao río e entramos nas fragas máis fermosas de toda a Ruta: As Chozas, Monte das Ánimas, As Millariñas,... incluíndo un paseo a través dun bosque de carballos e acivros de grande pureza.

Seguindo o curso do Xabriña, xa en Paraños, pasamos polo canón do *pozo do Demo* e chegamos á área recreativa do Roupeiro onde, quen máis quen menos, gozou dun merecido xantar. Xa rematado, seguimos o río ata o lugar do Outeiro, onde aproveitamos para facer unha cativa moenda nun dos muiños arranxados.

Só nos restaba, para rematar o programa, unha visita guiada ao *Centro de Interpretación da Ceraría de Paraños (FAVUM)*, da man de Lolo Presas. Os Celtas tivemos a honra de inaugurar as visitas ao novo local do *obradoiro dos cereiros*, situado agora nunha fermosa casa tradicional a carón do restaurado lagar da cera. Coa visita á eira da cera e ao funcionamento da pía da cera, rematamos a xornada. Todos e todas? Noon! Moitos e moitas rematamos no bar, en cumprimento da liturxia final (e obrigada). Manolo S.



CULTURAL E MEDIO AMBIENTE

Illa de San Simón 29 de Xuño

Xa que non se puido ir ás Illas Cíes por mor do tempo, a opción escollida foi ir á Illa de San Simón. Collemos o barco en Vigo, a viaxe prometía, os nenos estaban nerviosos coa idea de pasar en barco por debaixo da ponte de Rande. Os guías do barco ían explicando a historia do Capitán Drake, os tesouros escondidos, as lendas que existen... A viaxe en si mereceu a pena, pasar debaixo da ponte é bastante impresionante é rozar case coas mans as bateas tamén, houbo algún maior que incluso as viu demasiado preto! Chegamos a San Simón e ao pisar o chan xa sentes algo diferente, unha illa chea de historia, tan pequerrecha e cun pasado tan terrible. Visitamos o museo, cemiterio, os seus recunchos e incluso tivemos a sorte de ser espectadores dun concerto improvisado na pequena alameda. Mágoa que tivesemos que marchar... Mónica V.



BICI DE MONTAÑA

Bici de Montaña polos Montes de Cotobade 23 de Xuño

Mañá de domingo previa ás fogueiras de San Xoán e xa se respiraba o ambiente da noite máis curta do ano e das fogueiras, por suposto.

Desta vez o lugar elixido para percorre a golpe de pedal foi Cotobade. A actividade pretendía dar a coñecer o val do río Almofrei, en Carballedo, así como os montes que circundan a capital do Concello unificado de Cerdedo-Cotobade.

Coa puntualidade que nos caracteriza, fomos chegando os participantes e unha vez acondicionadas as monturas, comezamos a dar pedais seguindo o curso do río Almofrei ata chegar a Pazos de Borela. Neste lugar cruzamos a estrada provincial e comezamos a subir polo monte do Castelo.

Nada máis iniciar as primeiras costas, tivemos que facer un alto para tentar de solucionar un problema técnico: a cadea e o cambio dunha das bicis partiu. Despois de varias tentativas fallidas para apañar o problema técnico, o noso amigo Dani tivo que dar volta coa súa bici na man. O resto proseguimos camiño.

Unha vez subido o monte do Castelo, iniciamos descenso cara Cuspedriños, pero antes de chegar a este pobo, collemos unha pista que atravesa o monte de Arcela ata chegar á Grela, punto no que collemos a estrada para voltar ao punto de partida. E xusto cando estabamos chegando, tamén o facía o noso compañeiro Dani, que tivera que camiñar coa súa bici na man ata o punto de partida.

Para rematar a xornada tiñamos encargada unha comida nun restaurante de Carballedo, e despois de tanto esforzo demos boa conta dela. Xulio T.



ESCALADA

Open Social de Escalada 7 de Xullo

Campionato de escalada... Creo que a miña vertixe nunca se expuxo a tal experiencia, pero... a día de hoxe? Que agradecido me sinto de descubrir este deporte... En 4 meses xa ves os avances, aos dous últimos xa compites no Club (quedas último), segues traballando duramente, ata pensas en apuntarte aos cursos de escalada (pero as prazas son moi limitadas) prepárate subindo ao Gali e só pensas en escalada cada vez que tes a posibilidade... Por fin chega o día de redimirse. Nova " compe" no Club... "Esta vez xa non vou de farol, acabouse o de "Viñemos a gozar competindo... Esta vez non! Esta vez será diferente... Ou non..." Apúntaste a ver os meus progresos?



Escalada para todos 1 de Setembro

O día 1 de Setembro fomos a Santiago a pasar unha divertida xornada na que se combinou aprendizaxe e diversión en compañía dos rapaces e rapazas, ademais de ser unha boa forma de adestramento e tamén unha boa maneira de coñecer e socializar coa xente do club. Que mellor maneira de rematar unha semana?

Animo á xente para a próxima xornada, que espero, sexa pronto. David C.



FEDERACIONES

XXXI Marcha de Veteranos 7 e 8 de Setembro

Organizada por Club Montañeiros Celtas no *Concello de Ribas de Sil* (Lugo) desenvolveuse (excepcionalmente este ano) en dúas xornadas, os días 7 e 8 de setembro de 2019, para darlle maior visibilidade e difusión ao Xeparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel.

A xornada do sábado 7 desenvolveuse pola tarde. Comezou ás 17 horas no salón do Concello de Ribas de Sil, cunhas palabras de benvida e unha proxección e explicación por parte de Moncho Vila, membro do Xeparque, experto sobre a *Mine-ría Romana no Xeparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel*. A continuación realizouse a ruta do *Complexo Mireiro romano das minas do Covallón, A Ermida e O Vogo*, con pequenas paradas explicativas rematando na golada da Ermida. Para sorpresa dos participantes, agardábanos alí un xeocáterin con produtos da terra, xentileza do Concello, para repoñer forzas e matalo frío, pois coa caída da noite e baixada da temperatura, acrecentada pola brisa, fixo que nos abrigáramos. Momentazo do xeocáterin: cando máis se sentía a friaxe, apareceron unhas cuncas de caldo rico e quentiño que fixo as delicias de todos nós, apenas superadas polo café con rosquillas caseiras do remate do velada. Que rico e agradable resultou!!!!

A xornada do domingo comezou co agrupamento dos participantes do sábado, os que viñan de Vigo en Bus e os que viñan doutros lugares de Galicia polos seus medios na parada do Bus de Castro de Abaixo, ás 9,30h. Partimos hacia Torbeo onde, logo dunha visita guía á igrexa de Sta María, comezou a marcha, en dirección á Cubela e Castro de Abaixo (sempre no concello lucense de Ribas de Sil). Lugar determinado por Club Montañeiros Celtas polos seus valores xeolóxicos, medioambientais, históricos, etnográficos e paisaxísticos. E acompañados por representantes do concello.

Ao rematar a marcha e cambiarnos, dirixímonos a San Clodio, onde estaba organizada o xantar de confraternización.

Antes do xantar, a organización dispuxo dunha cata de viños da zona de Margaride-Quiroga, xentileza do Grupo de Desenvolvemento Rural. Un tinto mencía, medalla de Ouro en Aosta-Italia, e un branco godello, primeira vendima nocturna realizada na Ribeira Sacra. Don Cosme mencía e Don cosme godello. Pablo, da bodega ADV 2015, fíxonos deleitar dos caldos e introducírnos nese mundo de matices de aromas e sabores. Ademais convidounos a xantar cos apreciados viños.

Xantar, comentarios, risas e sorrisos que deron paso ás palabras do Presidente de FGM e a presidenta de Club Montañeiros Celtas, agradecendo a participación de todos, para dar paso á entrega dun agasallo a cada participante (botella de viño mencía da zona), e outro agasallo (aceite extra da zona) ao montañeiro e montañeira máis veteranos dos presentes). Logo dos cafés e infusións aínda quedou un tempo para visitar (guiada) os xeomiradores das Fontes e A Pómez, con espectaculares vistas ao pregamento do Courel e á fosa tectónica do val de Quiroga-San Clodio. Emilio B.



ACTIVIDADES SOCIAIS

Campamento Social en Mugueimes 21 e 22 de Xullo

Outro ano máis chegou o agardado Campamento Social. Repetimos lugar e estivo aínda mellor. Algunhas familias xa foron quentando o sitio dende o venres e o sábado durante o día foron chegando o resto. A gran familia montañeira contaba con máis de 90 persoas para o desexado convite. Este ano as cociñeiras foron Melu, Mila e Conchi ás que non nos cansaremos de lles agradecer todo o cariño co que o fixeron. Tamén grazas aos músicos que amenizaron a noite. Os máis pequenos o pasaron pipa xa que o domingo cando houbo que marchar había moitas facianas tristes. Houbo comida, risas, música, andainas, kajak, bici, chapuzóns no lago, xogos, petanca... Que máis se lle podería pedir a unha fin de semana así? Que durase sempre... Mónica V



VINDEIRAS ACTIVIDADES

MAGOSTO SOCIAL

O domingo 10 de novembro, celebraremos o Magosto Social no refuxio do Aloia. Faremos un paseo micolóxico de recoñecemento de setas guiados polos nosos compañeiros de A Zarrota, seguido do xantar social.

O sábado 9 será a pequemarcha no Aloia seguida do magosto, chicolate e a tan agardada carreira de orientación.

CONCURSO POSTAIS NADAL

Este ano gustaríanos felicitar as festas con algún debuxo dos nosos socios máis novos. Só tedes que facer un debuxo sobre o que representa o Club para vós. Animádevos e enviade os vosos debuxos a administracion2@celtas.net, ou tamén podedes depositalos no buzón do club ou en Secretaría. As tres postais ganadoras recibirán un agasallo e a primeira será a elixida para felicitar as festas.

XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL

Seguimos co noso proxecto de percorrer o Xeoparque. Nesta ocasión será na fin de semana do 12 e 13 de outubro. Desenvolveranse en dúas etapas, ambas cun denominador común: o río Soldón. Cordais e vales serán os protagonistas. Todo no concello de Quiroga.

Cordais e vales, Camiños históricos e minería do ferro, Minería romana e castelo medieval, viño e aceite, castañas e noces acompañarannos nestas xornadas.

PONTES DE OUTONO

- Na ponte de Samaín (1 a 3 de novembro) estamos preparando unha saída a Ancares. Farase a integral e outras rutas. Con base en Burbia.

- Na ponte da Constitución (6 a 8 de decembro) intentaremos ir a Serra da Estrela.

Estamos traballando nelo, así que teredes máis información en www.celtas.net proximamente.

Asemblea Xeral Ordinaria

CALENDARIO ELECTORAL: DATAS PROPOSTAS

Días	Data	Mes	
1º	25	Outubro	Asemblea Xeral Extraordinaria
6º	30	Outubro	Exposición do Censo Electoral provisional
<i>30 outubro a 5 novembro: Reclamacións Censo electoral</i>			
13º	6	Novembro	Exposición do Censo Electoral definitivo
<i>6 a 18 novembro: Presentación Candidaturas á Presidencia</i>			
24º	17	Novembro	Fin prazo Presentación de Candidaturas á Presidencia
25º	18	Novembro	Publicación provisional candidaturas
<i>19 a 24 novembro: Alegacións publicación provisional candidaturas</i>			
32º	25	Novembro	Publicación definitiva candidaturas
47º	10	Decembro	Votación Presidencia do Club
<i>11 novembro a 13 decembro: Prazo alegacións votacións</i>			
51º	14	Decembro	Publicación de resultados e proclamación provisional de presidenta ou presidente
<i>15 a 18 decembro: Alegacións proclamación provisional</i>			
56º	19	Decembro	Proclamación de presidencia e fin do proceso electoral



Edita: Club Montañeiros Celtas
Edición: Mónica Vila

Colaboran neste número: Emilio B., Melu L., David C., Xulio T., Manuel S., Lourdes C. Imprime: Garpe /
DP: vg-40-1998 Impreso en papel reciclado

O U T U B R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	4	Proxección Fotos Azores	Outras Actividades
	12-13	Xeoparque Courel	Montaña
	20	Actividade Bici: Cuntis, auga e natureza	Bici
	20	Pequemarcha Cíes	Cultura /M. Ambiente
	26-27	Campamento Infantil-Xuvenil espeleoloxía	Espéleo
	27	Ribeira Sacra: A Peroxa—Os Peares	Sendeiros

N O V E M B R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1 a 3	Integral Ancares	Montaña
	9	Pequemarcha. Magosto e marcha orientación. M. Aloia	Cultura/M. Ambiente
	10	Magosto Social	Social
	10	Saída de bici Aloia	Bici
	17	A Lama	Montaña/Sendeiro
30 a 1	Xeoparque Courel	Montaña/Sendeiro	

D E C E M B R O	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	6 a 8	Montaña. Serra da Estrela	Montaña/Sendeiro
	14-15	Campamento Social de espeleoloxía	Espéleo
	15	A Peneda	Sendeiro
	20	Festa de Fin de Ano	Social
22	Saída de bici. Saída de Nadal	Bici	

MONTAÑEIROS CELTAS

**Publicorreo
Óptimo**

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS
Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiros Celtas

www.celtas.gal / info@celtas.net